

## **ACTA COMISIÓN DE CALIDADE**

**Sesión do 31 de marzo de 2016**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 31 de marzo de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (25 de febreiro de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Valoración dos resultados do 1º cuadrimestre na modalidade semipresencial**
- 4. Prorrogar ou, se procede, actualizar o Plan operativo de información pública**
- 5. Validación, se procede, dos procedementos:**
  - DO-0101 P1 Ind.05 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais**
  - AC-0104 P1 Ind.02 Accesos e admisión**
  - AC-0201 P1 Ind.02 Matrícula**
  - AC-0401 P1 Ind.02 Expedición de títulos oficiais**
- 6. Validación, se procede, do Informe de revisión do sistema pola dirección**
- 7. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (25 de febreiro de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de Montserrat Iglesias (motivos familiares), María López (baixa médica) e Pablo Sánchez Ferro.
- Quere darlle a benvida a José M<sup>a</sup> Eguileta Franco como representante da sociedade.

- Informa que esta semana tivo unha reunión co decano da Facultade de Ciencias, que hai unhas semanas pasou o proceso de acreditación, para que lle explicase o procedemento que resume do xeito seguinte. Comeza cunhas reunións preparatorias co director da área de calidade da UVigo. Previa a avaliación da ACSUG envían un mail onde solicitan as evidencias, entre outras determinan 4 materias a avaliar; na elección inflúen factores como ter un número moi alto de suspensos ou de aprobados, ou outros motivos que consideren. Soen escoller tamén a materia de Prácticas e/o o TFG.  
Cando chegan os avaliadores teñen reunións co seguintes grupos: o equipo decanal, a comisión de calidade, os coordinadores de grao e de curso e PAS (responsable de asuntos económicos, administradora de centro...), e tamén con entre 5 e 12 representantes do PDI, do alumnado, egresados e empregadores, o nome destes representantes temos que facilitarillo previamente e eles confirman se a elección é válida.  
Solicitan material docente, acceso a actas, informes de prácticas, acceso a FAltic e visitar os espazos do centro.
- A decana comunica que o punto 4 da orde do día retírase porque o informe presentado non se adecúa ao que nos solicitan. Adíase pois para á próxima xuntanza desta Comisión de Calidade.

### **3. Valoración dos resultados do 1º cuatrimestre na modalidade semipresencial**

A decana explica que o sistema para avaliar a posta en marcha desta modalidade son as reunións periódicas que mantén co alumnado, aínda que a asistencia non é maioritaria, probablemente porque a xente traballa, de feito a maioría están matriculados a tempo parcial. Admite que se a implantación desta modalidade é correcta, o grao en Xeografía e Historia cumprirá cos seus obxectivos en relación ao número de matrícula; detectándose unha relación directa entre a actitude do profesorado e o grao de satisfacción do estudante.

No curso próximo regularanse nas guías docentes as titorías (virtuais e/ou presenciais). Os coordinadores de curso teñen a tarefa de homoxeneizar a estrutura das materias na plataforma e vixiar que os contidos se suben á plataforma e que estes se adecúan ao exposto nas guías docentes.

Beatriz Vaquero comenta que poderían facerse unhas titorías personalizadas co profesorado para explicar polo miúdo o funcionamento de e-meeting, unha ferramenta que pode ser moi interesante para as titorías, xa que se poden gravar as sesións e quedar colgadas na plataforma como material de consulta.

Beatriz Comendador suxire que se valore a posibilidade de contratar a un profesional que nos asesorase na docencia on line coa finalidade de darlle unha volta á plataforma virtual, simplificando e regularizando as estruturas de cada materia.

Begoña Garrido, con experiencia como estudante no mestrado semivirtual, considera moi interesante a proposta sobre a uniformidade na estrutura de información, por exemplo á hora de subir traballos, de ver cualificacións, etc.

A decana solíciatlle á profesora Beatriz Comendador que se encargue de buscar a un profesional e pedirlle un presuposto.

Desta forma tres son as vías propostas: formación do profesorado (especialmente e-meeting), uniformidade da estrutura da plataforma (coordinación) e posibilidade de contratar a unha persoa que poda darnos unha orientación.

#### **4. Retirado**

#### **5. Validación, se procede, dos procedementos: DO-0101 P1 Ind.05 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais, AC-0104 P1 Ind.02 Accesos e admisión, AC-0201 P1 Ind.02 Matrícula, AC-0401 P1 Ind.02 Expedición de títulos oficiais**

Se están substituíndo uns procedementos por outros para simplificalos. O DO-0101 é un proceso que xa está adaptado, polo que o deseño xa está aprobado. Neste caso o proceso de modificación e verificación do título de grao xa está feito e o seguinte paso será a acreditación, nese momento debe xerarse o rexistro correspondente.

Os procedementos AC son de tipo administrativo, polo que esta Comisión non ten competencia directa sobre eles.

Valídanse todos os procedementos por asentimento.

#### **6. Validación, se procede, do Informe de revisión do sistema pola dirección**

A decana explica que en primeiro lugar se fixo un borrador e se enviou á área de calidade. Eles fixeron bastantes suxestións e se incorporaron ao informe. Logo se remitiu aos membros da comisión de calidade para que fixeran as súas suxestións. Este informe consta dunha valoración de como foi o curso pasado, taxas, índices de satisfacción, etc. Os obxectivos que non se acadaron refírense ao número mínimo de matriculados en 1º e a baixa taxa de graduación, derivada en parte da alta taxa de NP, que obriga a analizar polo miúdo estes datos. Sen embargo tanto a participación nas enquisas de satisfacción como os resultados das mesmas son positivos.

Valídase o Informe de revisión do sistema pola dirección por asentimento.

#### **7. Rolda de intervencións**

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.45 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA  
31/03/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN  
COMENDADOR REY, BEATRIZ  
DÍAZ ALONSO, XOEL  
EGUILETA FRANCO, JOSÉ M<sup>a</sup>  
GARRIDO LABRADOR, BEGOÑA  
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT  
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA  
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA  
PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
REAL LÓPEZ, ARTURO  
REBOREDA MORILLO, SUSANA  
SÁNCHEZ FERRO, PABLO  
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE  
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	SI
	SI
SI	
SI	
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	